



ANUNCIO

Convocatoria e bases específicas para a contratación laboral temporal de 12 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo acuático das praias do Concello de Valdoviño.

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Valdoviño, en data 15.06.23, ditou decreto rexistrado ao número 322/2023, no que aproba a convocatoria e as bases para contratación laboral temporal de persoal para a contratación de 12 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO DAS PRAIAS.

Como se sinala na Base 6ª, as persoas aspirantes disporán dun prazo **CATRO DIAS HABLES que contan dende o día seguinte a publicación no BOP.**

Publicase as bases de contratación e modelo de instancia, sendo o contido o anexo:

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde en funcións, Alberto González Fernández.

“BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 12 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

1º- Obxecto da convocatoria: .

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de 12 socorristas e unha bolsa de emprego que poderá empregarse unha vez concedida a subvención solicitada da Xunta de Galicia para Salvamento e Socorrismo durante o período de tempada estival, para cumprir as obrigas municipais en materia de vixilancia, salvamento e socorrismo acuático; o período irá conforme a seguinte táboa.

Nº Socorristas	Período
12 Socorristas	1 de Xullo a 31 de Agosto

2º- Tipo e duración do contrato:

Os contratos serán de traballo temporal por circunstancias da produción “por situacións ocasionais, previsibles e cunha duración reducida e limitada de 62 días naturais, conforme o artigo 15.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de

outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A xornada laboral será a tempo completo e a quendas; o horario será establecido polo concello.

3º.-Retribucións

As retribucións económicas do socorrista será de 1500 euros/brutos mensual (incluídos tódolos conceptos salariais e a prorrata das pagas extraordinarias).

4º.-Requisitos dos aspirantes

Deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

a) **Nacionalidade.**- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 e 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) **Idade.**-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Capacidade Funcional.**- Posuír as capacidades e aptitudes funcionais e físicas, necesarias para o desempeño das tarefas obxecto do presente contrato, extremos que se acreditarán mediante a presentación de informe ou certificado médico, que ademais deberá incluír pronunciamento específico de estar en condicións de realizar as probas físicas.

d) **Habilitación.**- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

e) **Compatibilidade.**- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) **Titulación.**-Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

5ª.- Documentación.

Para a aceptación da proposta de contratación e formalización do contrato, os aspirantes deberán presentar previamente a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación mínima requirida.
- Informe médico acreditativo da capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto.

- Inscripción no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na forma prevista na base 4ª.g.)

- Xustificante do pago da taxa por dereito de exame que será de 30 € de conformidade co disposto no artigo 5, concepto 4 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectivas do Concello de Valdoviño.

O dito importe poderase facer efectivo mediante carta de pago expedida polo Concello ou a través de transferencia bancaria na conta do Concello de Abanca: IBAN ES47 2080 0213 5431 1000 0026, especificando dereitos de exame para a contratación de socorrista.

En ningún caso a presentación e pago de taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia.

De conformidade co disposto no artigo 6 a citada Ordenanza Fiscal , aplicaranse as exencións e bonificacións previstas no artigo 6 da devandita Ordenanza Fiscal

A acreditación documental poderá facerse mediante fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumirá documentación auténtica. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión.

6ª.- Presentación de solicitudes

Os aspirantes deberán presentar unha instancia no prazo de 4 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e darase publicidade da convocatoria nun xornal dos de maior tirada da Comarca e na páxina web do Concello de Valdoviño.

7ª.-Proceso selectivo

A selección realizarase de conformidade có previsto nas presentes bases polo sistema de oposición libre que consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Proba Física.(Máximo 10 puntos)

O exercicio consistirá nunha proba práctica relacionada co posto a desenrolar, debendo acadar para a superación da proba un mínimo de 5 puntos.

8º.- Tribunal Cualificador

O tribunal cualificador será designado pola Alcaldía -presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo RD legislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. Se poderá nomear persoal para apoio ou asesoramento no proceso selectivo.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

9º.- Proposta de contratación e bolsa de emprego.

Os aspirantes contrataranse en rigorosa orde de puntuación.

Crearase unha bolsa de emprego, que poderá empregarse unha vez concedida a subvención solicitada da Xunta de Galicia para Salvamento e Socorrismo.

A bolsa de emprego que se crea con este proceso será confeccionada por orde de maior a menor puntuación e será sometida a aprobación de Alcaldía. A resolución de Alcaldía e a bolsa de emprego será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais..

O funcionamento da bolsa de emprego será o seguinte:

Os chamamentos faranse por escrito, seguindo a orde de prelación aprobada, de xeito que permita a constancia da recepción. Así mesmo, poderase realizar a comunicación á persoa vía telefónica, debendo quedar constancia, en todo caso, a data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia extendida ao efecto polo persoal funcionario do Concello que realice os chamamentos.

Os chamamentos poden facerse por teléfono en casos de urxencia, cando puidese orixinar prexuízos graves no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Os chamamento telefónicos faranse de 8:00 a 15:00 horas, e o persoal funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta.

Realizarase un máximo de tres chamadas, mediando entre cada unha de elas un tempo mínimo de dúas horas. A estes efectos, a persoa aspirante deberá poñerse en contacto co Concello nun prazo de un día hábil contado dende a recepción da última comunicación. De non ser posible a comunicación ou non contestar non prazo indicado, pasarase á seguinte persoa da lista.

Cando se produza o cesamento dunha persoa integrante da lista, esta reincorporarase ao posto da bolsa que lle corresponda por puntuación.

A persoas proposta para a contratación deberá presentar os documentos que se relacionan na base quinta e para elo dispón dun prazo máximo de 2 días hábiles.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algunha das persoas aspirantes propostas non presentara a documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder a súa contratación, quedando así anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidade en que puidera ter incorrido por falsidade na solicitude ou na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo.

10º.-Formalización dos contratos

A Alcaldía-Presidencia, resolverá mediante decreto o expediente de selección. O contrato se formalizará cos aspirantes seleccionados, que deberán presentar a documentación necesaria.

- Fotocopia da tarxeta da seguridade social
- Certificado do número de conta bancaria

11º.-Dereito supletorio

No non previsto nestas bases se acudirá ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; e no Real Decreto Lei 8/1997, del 16 de maio de Medidas urxentes para a Mellora do Mercado de Traballo e no Fomento da Contratación Indefinida, e demais lexislación en materia laboral. Igualmente ao regulado no Estatuto Básico do Empregado Público Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 30 de outubro e Lei de Emprego Público de Galicia.

12º.-Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común.

13º.- Protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporárase nun ou varios ficheiros, do/s que é responsable o Concello de Valdoviño, con sede en Avenida Porta do Sol, nº 25.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos que se refiren as presentes bases, dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifiestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución.

Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 12 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

D./ Dona _____ con D.N.I. n.º _____ e enderezo a efectos de notificación en _____ da localidade _____, Provincia de _____, C.P.; _____ e con número de teléfono de contacto _____ .email _____

En virtude da convocatoria emitida polo Concello de Valdoviño para a provisión en réxime laboral temporal de 12 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo acuático das praias do Concello de Valdoviño.

MANIFESTA que reúne todas e cada unha das condicións de acceso ao proceso de selección e polo tanto **SOLICITA** se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso **12 SOCORRISTAS**.

ACHEGA a seguinte documentación

	Copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte.
	Copia da titulación requirida.
	Informe médico
	Inscripción no Rexistral Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
	Xustificante do pago da taxa por dereito de exame. ”

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE EN FUNCIONS
ALBERTO GONZALEZ FERNÁNDEZ/*